UGT GALICIA LABORAL
Diario dixital da UGT de Galicia



ISSN 1989-3299 Nº 1.115 Semana do 19 ao 25 de outubro de 2026

PEPE ÁLVAREZ INTERVÉN O DÍA 3 NUNHA ASEMBLEA EN VIGO COMO ACTO PREVIO AO 11N

Rexistrada a convocatoria de folga no Ministerio de Traballo

Redacción.- Os actos previos á folga xeral do 11N xa botaron a andar co rexistro da convocatoria este luns ante o Ministerio de Traballo e Economía Social.

Neste contexto, en Galicia está prevista unha asemblea en Vigo, para o vindeiro día 3 de novembro, ás 11.30 horas no Auditorio Municipal do Concello, na Praza do Rei.

Nesta asemblea intervirán o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez; así como os secretarios xerais de UGT-Galicia e UGT-Vigo, Cristóbal Medeiros e Ernesto Fontanes, respectivamente.

En canto ao rexistro oficial da convocatoria de folga, este levouse a cabo conxuntamente con CCOO, CGT, CNT, Co.Bas, Intersindical, a Unión de Actores e Actrices, Solidariedade Obreira e a Confederación de Sindicatos de Inquilinas, no Ministerio de Traballo. Con esta iniciativa, o sindicato pretende impulsar un paro na produción que sirva para reclamar solucións urxentes á crise de vivenda, melloras salariais e avances nos dereitos laborais e sociais.

O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, explicou que a convocatoria responde á necesidade de situar a vivenda no centro do debate público e de esixir ás administracións medidas concretas para garantir que as persoas traballadoras poidan acceder a unha vivenda digna.

Pepe Álvarez defendeu a necesidade de actuar de xeito inmediato mediante o control dos prezos do alugueiro, a protección das persoas afectadas polos desafiuzamentos e medidas para frear a concentración de vivendas en mans de fondos de investimento. A medio e longo prazo, reclamou políticas estruturais que impulsen a construción de vivenda protexida de forma permanente, especialmente, destinada ao alugueiro alcanzable.



O secretario xeral de UGT subliñou que a folga ten tamén unha dimensión laboral e salarial. Neste sentido, denunciou que a negociación coa patronal para alcanzar un acordo xeral que sirva de referencia aos convenios colectivos leva máis dun ano pendente. A falta de avances está a dificultar as negociacións en distintos sectores e pode dar lugar a un aumento das mobilizacións.

En materia salarial, Pepe Álvarez reclamou unha subida de polo menos o 7% do Salario Mínimo Interprofesional para 2027, co obxectivo de recuperar poder adquisitivo e responder á evolución dos prezos. Tamén sinalou a redución do tempo de traballo e a mellora da seguridade e a saúde laboral como outras prioridades sindicais.

Desde UGT reclámase tamén que avance a reforma da normativa de prevención de riscos laborais, cuxo proxecto aínda non chegou ao Congreso dos Deputados.

A folga xeral pretende incorporar ao debate público outras cuestións fundamentais para as persoas traballadoras, como a defensa do sistema público de pensións e as garantías na xestión das baixas laborais.

O secretario xeral de UGT insistiu en que a mobilización se viña preparando antes da convocatoria de eleccións xerais e defendeu o seu carácter laboral e social. O obxectivo, explicou, é que as reivindicacións sobre vivenda, salarios, negociación colectiva e dereitos sociais teñan unha resposta efectiva por parte das administracións públicas e os axentes sociais. Coa convocatoria do 11 de novembro, UGT busca reforzar a mobilización social para reclamar cambios que permitan mellorar as condicións de vida das persoas traballadoras e garantir o acceso a dereitos esenciais como a vivenda, o emprego digno e a protección social.

Inaugúranse as xornadas "Lugo con memoria"



Redacción.- Este martes, no salón de actos da Deputación de Lugo, tivo lugar o primeiro acto das xornadas "Lugo con memoria", organizadas pola Fundación Luis Tilve co patrocinio da institución provincial, que abriu o acto coa intervención de Pilar García Porto, deputada provincial da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, quen manifestou a importancia de apoiar as políticas de Memoria e iniciativas como as da Fundación, e máis nuns tempos nos que se terxiversa a verdade histórica e os autoritarismos ameazan a democracia. Se ademais se lembra a Memoria dun lugués como Manuel Cordero, que destacou pola súa defensa dos valores democráticos e do voto feminino, é tamén un acto de xustiza.

O acto, ó que asistiron o secretario xeral de UGT-Lugo-Lemos-Costa, Ángel Tomé; a vicesecretaria xeral de Dereitos Sociais de UGT-Galicia, Ana Pereiro; e o secretario territorial de Lugo de UGT-SP, Lito Rivas, entre outros compañeiros, seguiu cun debate entre o director da Fundación, Guillerme Pérez, e a doutora en Historia da Universidade Complutense de Madrid, Ana Martínez Rus, a través do cal foron compartindo cos asistentes a biografía do dirixente de UGT Manuel Cordero,ou a histórica aposta da organización socialistas e do sindicato pola igualdade, dende os primeiros artigos ó respecto de Pablo Iglesias, en 1888, nos que criticaba a explotación das mulleres e dos nenos, que sufrira en carne propia, indicando que "unha dobre supeditación sufre hoxe a muller: a supeditación económica, xeral a toda a clase asalariada, e a supeditación ó varón", ata a creación do Grupo Femenino Socialista.

Pero o groso do debate xirou entorno á consecución do voto feminino na Constitución de 1931, durante a II República nas Cortes Constituíntes, e para o que foron precisas tres votacións: unha para que se recoñecera o dereito a voto na Constitución e non nunha lei posterior de menor rango, outra para apoiar o sufraxio feminino e unha terceira para que non se aprazara o dereito a voto das mulleres ou se circunscribise só a eleccións municipais. Tres votacións nas que foi fundamental o apoio dos socialistas (todos eles dirixentes tamén da UGT) que supuxeron máis do 50% do voto favorable, gañándose a última delas por só 4 votos. Sendo o único grupo que votou en bloque fronte á dispersión do voto no resto de partidos, que votaron divididos, ou directamente en contra, como no caso dos galeguistas, que considerando que o voto da muller podería favorecer á dereita, optaron por ausentarse na segunda votación, ou votar que se pospuxera o voto da muller na terceira. Ante este temor, Cordero contestou que: "na pelexa, no exercicio do dereito, é onde se capacitan as vontades, e se forman as conciencias para o exercicio do dereito mesmo".

O evento se pechou coa recomendación do directo da Tilve de mercar o libro "Manuel Cordero y el voto femenino", para poder coñecer a realidade do acontecido co sufraxio feminino, fronte a bulos interesados, e invitando ós asistentes ó seguinte acto, que terá lugar o vindeiro xoves 29 de outubro, ás 19.30 horas, no mesmo lugar, para falar da represión que exerceu sobre as mulleres o "Patronato de Protección a la Mujer" durante o franquismo.

O metal de Lugo mantén a presión cunha nova xornada de folga maioritaria



Redacción.- Nesta segunda xornada de folga, a deste mércores, no metal de Lugo, de novo, o seguimento volveu ser maioritario. Ademais, como xa sucedera hai unha semana, os traballadores protagonizaron unha manifestación, neste caso polas rúas da cidade lucense, na que demandaron un convenio digno para o sector.

Estas convocatorias responden ao mandato dado polas diferentes asembleas do persoal celebradas nas últimas semanas, que aprobaron iniciar un calendario de mobilizacións.

A parte social fixo un exercicio xeneroso de retirar ou minimizar as reivindicacións últimas ata uns mínimos xa difíciles de minorar máis, en prol de que fosen aceptados.

A pesar diso, repróbase de plano a incapacidade da patronal para achegar ningún tipo de proposta, mais aló de pequenos temas pero sen entregar novas ofertas salariais nin de xornada, e critícase a intención deliberada do empresariado de prolongar as negociacións. Neste senso, incídese en que o persoal do sector non está en disposición de agardar máis polos seus convenios, tendo en conta a perda constante de poder adquisitivo debido á medra da carestía da vida e a necesidade de actualizar non só os soldos, senón tamén as condicións laborais e sociais.

No tocante ás demandas da parte social, reivindícanse subas salariais que permitan manter un nivel de vida digno e o poder adquisitivo; reducir a xornada laboral un día por ano a partir de 2027; ampliar a cobertura nas baixas médicas; mellorar as licenzas; melloras na prevención e seguridade; ou medidas para combater a precariedade laboral que se está a instalar no sector.

XXX Encontro sindical da muller en Vigo







Redacción.- UGT-Vigo organizou, un ano máis, o Encontro Sindical da Muller, que nesta XXX edición desenvolveuse baixo o lema “Dobre condición: mulleres migrantes traballadoras”.

O Encontro, que se celebrou no Hotel Coia (Vigo), arrancou coa presentación que correu a cargo da secretaria de Igualdade de UGT-Vigo, Laura Amez. Tamén inerviñeron o secretario xeral de UGT-Vigo, Ernesto Fontanes, e o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros. De seguido, a concelleira de Igualdade do Concello de Vigo, Ana Laura Iglesias, foi a encargado da inauguración.

Testemuños mulleres traballadoras inmigrantes

A continuación, abríronse os espazos de traballo cos relatorios e mesas de debate. Concretamente, nesta edición déuselle voz a dúas mulleres traballadoras inmigrantes para que achegasen a súa experiencia e relatasen as súas dificultades e retos no seu día a día tanto por ser mulleres traballadoras como inmigrantes..

Ademais destes testemuños, interviu a secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos; a responsable da Asociación Diversidades Acolle, Natalia Escuder; e Laura Seara, directora de Red-Talento.

Xa a última hora da mañá tivo lugar o acto de clausura no que interviu a primeira tenente de alcalde do Concello de Vigo, Carmela Silva; e a secretaria de Igualdade de UGT-Vigo.

UGT, única forza sindical que crece nas eleccións de Stellantis Vigo tras sumar dous novos representantes

Redacción.- A Federación de Industria, Construción e Agro de UGT valora o respaldo do persoal de Stellantis Vigo como un recoñecemento ao traballo rigoroso, a negociación responsable e a defensa firme dos dereitos laborais nun momento clave para o sector da automoción.

UGT FICA alcanzou un resultado determinante nas eleccións sindicais celebradas na fábrica de Stellantis en Vigo. O Sindicato converteuse na única forza sindical que incrementa a súa representación no comité de empresa tras sumar dous novos delegados e delegadas no proceso de votación.

Este avance supón un impulso significativo para UGT FICA dentro da maior planta industrial da comarca, consolidando a confianza dos traballadores e traballadoras na xestión e o modelo de representación da organización. Mentres a representación global do comité se reaxusta, o Sindicato destaca como a opción que máis apoios gañou entre o persoal.

Agradecer a confianza

A representación sindical de UGT FICA en Stellantis Vigo agradece a confianza depositada polo persoal durante as dúas xornadas de votación e considera que "o respaldo dos traballadores e traballadoras nas urnas é o reflexo dun compromiso diario co persoal. Ser o único sindicato que crece e suma novos delegados e delegadas fortalécenos para seguir garantindo a estabilidade, o emprego de calidade e a defensa das condicións laborais ante os retos industriais que afronta a planta”.

Con este resultado, UGT FICA asume o novo período de mandato coa responsabilidade de seguir liderando propostas construtivas no Comité de empresa, garantindo a defensa do persoal e participando de forma activa nas negociacións futuras da planta de Stellantis Vigo.

Os riders de Glovo mobilízanse en Vigo por unhas condicións laborais e salariais dignas na provincia





Redacción.- FeSMC-Pontevedra convocou este fin de semana dúas xornadas de folga e unha concentración, no centro comercial Vialia en Vigo, na que os riders de Glovo reclamaron a aplicación do convenio provincial de transporte co fin de frear a deriva salarial e das condicións laborais que están a sufrir.

As xornadas de folga repetiranse os días 31 de outubro e 1 de novembro.

Os traballadores tamén denuncian a modificación unilateral por parte da empresa de quendas e das condicións de traballo sen seguir os cauces legais establecidos. Tamén acusaron á dirección dun réxime sancionador que usa como base sistemas automatizados.

A todo isto engádenselle erros frecuentes nos pagos das nóminas e atrasos no seu abono, ademais de falta de transparencia.

Continúan as mobilizacións no transporte de mercadorías por estrada da Coruña por un convenio digno

Redacción.- Novas mobilizacións ante o bloqueo da negociación do convenio colectivo de transporte de mercadorías por estrada da provincia da Coruña, despois de que a mesa negociadora quedara rota pola falta de avances coa patronal. Dende FeSMC-UGT reclaman incrementos salariais que permitan recuperar o poder adquisitivo perdido nos últimos anos, así como avances na xornada e na remuneración dos diferentes tempos de traballo no sector.

Xa o día 9 tivo lugar a primeira mobilización en Santiago, o día 15 na Coruña e este xoves a concentración foi en Narón.

Hai que lembrar que o sector arrastra desde hai anos unha importante perda de poder adquisitivo. Nos últimos trece anos a diferenza entre a evolución dos salarios e o IPC sitúase arredor dun 15 %.

No ano 2025 as organizacións sindicais conseguiron un incremento salarial do 4 % e que as pagas extraordinarias pasaran de 25 a 30 días. A intención era pechar daquela unha negociación rápida e retomar en 2026 a negociación dun convenio plurianual que permitise abordar tanto os salarios como a xornada e o resto das condicións laborais. Porén, as reunións coa patronal non permitiron avanzar.



Entre as principais discrepancias figura a proposta económica da patronal, que os sindicatos consideran insuficiente ante a evolución dos prezos. As organizacións sindicais reclaman unha actualización salarial que permita recuperar poder adquisitivo e rexeitan unha proposta do 3 % fronte a un IPC que xa está no 4,9 %. Tamén reclaman que as melloras teñan efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2026.

A xornada é outra das cuestións centrais da negociación. Os sindicatos denuncian que o sector está sometido a unhas condicións específicas derivadas do réxime de xornadas especiais do transporte, polo que determinados tempos nos que as persoas traballadoras deben permanecer á disposición da empresa non computan como xornada efectiva. Por iso, entre as reivindicacións figura a creación dun complemento de presenza que remunere estes tempos.

As organizacións sindicais reclaman tamén que se remunere o traballo en horarios especialmente gravosos. En particular, denuncian que a patronal non acepta o aboamento da nocturnidade nin do traballo en domingos, malia que se trata de situacións habituais no sector.

UGT RECLAMA MÁIS AMBICIÓN EUROPEA PARA ERRADICAR O SENFOGARISMO ANTES DE 2030

O sindicato valora a aprobación da primeira recomendación da UE sobre senfogarismo, pero reclama máis financiamento, medidas preventivas e unha resposta que inclúa a todas as persoas sen fogar

Redacción.- O Consello da Unión Europea aprobou o 19 de outubro a primeira recomendación europea sobre senfogarismo e exclusión residencial, un avance nunha reivindicación histórica de UGT. O sindicato impulsou en 2023, no Comité Económico e Social Europeo, o primeiro ditame que reclamaba á Comisión Europea un marco común para as estratexias nacionais contra o senfogarismo. Con todo, aínda que a recomendación establece orientacións para abordar o problema, non impón obrigacións xuridicamente vinculantes aos Estados membro.

O texto propón mellorar a detección de situacións de risco, previr os desafiuzamentos, facilitar o acceso a servizos de apoio e ampliar a oferta de vivenda social e alcanzable. Tamén expón establecer obxectivos medibles, mobilizar investimentos e reforzar a coordinación entre as administracións. UGT considera que a recomendación presenta limitacións tanto na súa definición como no seu ámbito de aplicación, ao deixar fóra ás persoas migrantes sen fogar.

O sindicato reclama unha resposta máis ambiciosa, con financiamento suficiente e medidas para erradicar o senfogarismo antes de 2030. Critica que a Comisión non asuma un papel máis eficaz na coordinación europea e defende integrar as políticas de vivenda, emprego e protección social, especialmente para quen, a pesar de traballar, non poden acceder a unha vivenda digna. Advirte de que crece o senfogarismo entre as persoas traballadoras pobres. Tamén esixe prevención, alternativas habitacionais e participación das persoas afectadas e interlocutores sociais mediante o diálogo social e a negociación colectiva

Mari Carmen Barrera, secretaria de Políticas Europeas de UGT e vicepresidenta do Grupo dos Traballadores do CESE, forma parte do Comité de Dirección da Plataforma Europea para Combater o Senfogarismo (EPOCH). O pasado 30 de setembro participou nunha conferencia organizada por HOGAR SI, FEANTSA e o CESE en Bruxelas, na que defendeu a necesidade de intervir antes de que as persoas perdan a súa vivenda.

En España, UGT convocou unha folga xeral para o 11 de novembro co obxectivo de reclamar vivenda alcanzable, salarios dignos e prezos máis xustos. Entre as súas propostas figuran ampliar o parque público de vivenda protexida, frear a especulación, desbloquear a negociación colectiva e aumentar polo menos un 7% o salario mínimo interprofesional en 2027.

Segundo os datos recollidos polo Consello, os prezos nominais da vivenda aumentaron máis dun 60% na Unión Europea entre 2013 e 2024, por encima da evolución dos ingresos. A Comisión Europea avaliará os avances e presentará un balance ante o Consello cinco anos despois da adopción da recomendación.

UGT insiste en que combater o senfogarismo esixe compromisos sostidos, recursos suficientes e políticas coordinadas que garantan o acceso a unha vivenda digna e eviten que a exclusión residencial siga afectando ás persoas máis vulnerables e a quen, aínda tendo emprego, non poden facer fronte ao custo da vivenda.

UGT DENUNCIA A IDEALISTA E FOTOCASA ANTE O MINISTERIO DE CONSUMO POR PUBLICIDADE ENGANOSA

O sindicato constata que ambos portais inmobiliarios clasifican e categorizan falsamente como "ocupadas ilegalmente" vivendas con inquilinos con contrato en regra, usufrutuarios ou execucións hipotecarias

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) presentou unha denuncia ante a Dirección Xeral de Consumo, dependente do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, contra as empresas titulares dos portais inmobiliarios Idealista e Fotocasa por presuntas prácticas comerciais desleais, publicidade enganosa e incumprimento da normativa de información ao consumidor.

A denuncia fundaméntase nunha exhaustiva mostraxe de anuncios publicados nas plataformas. Nel demóstrase como ambos os portais crean, clasifican e promocionan filtros e categorías como “ocupadas”, “ocupadas ilegalmente”, “sen posesión” ou “non visitables”, agrupando baixo unha mesma etiqueta comercial situacións xurídicas completamente distintas.

Existen nas dúas plataformas dixitais unha pestana ou filtro que permite a procura de vivendas baixo a epígrafe de “ocupadas ilegalmente”. Na maioría dos anuncios ofrécese como unha “oportunidade para investimentos” e noutros casos “casas con bichos”. Nalgúns casos, un mesmo anuncio ofrécese en tres categorías distintas: “Ocupado ilegalmente” e “Alugado con inquilinos” ou “Nuda propiedade”.



UGT detectou numerosos casos nos que vivendas con arrendamentos vixentes de persoas maiores con usufruto vitalicio ou procedementos de execución hipotecaria son etiquetadas sistematicamente polos portais como «ocupadas ilegalmente». Existe un caso de Fotocasa que oferta a vivenda dunha persoa usufrutuaria de 83 anos coma se fose unha ocupación sen título e ofréceo como un investimento de 345.000 euros sobre un inmoble que pode

chegar a 650.000 nunha venda posterior.

Outro anuncio, dun inmoble de 12 metros cadrados, coa seguinte situación: “A propiedade atópase actualmente ocupada, polo que non é posible realizar visitas ao interior. A adquisición exponse nestas condicións, sendo o comprador quen deberá asumir a xestión da situación posesoria existente”, é dicir que a persoa inquilina está nunha situación legal e non existe ningunha demanda sobre ela. É un caso onde non se entende que se considere ao inquilino como ocupa ilegal.

Ademais, atopáronse anuncios con datos esenciais como a superficie, número de cuartos, planta ou localización exacta que son inexactos ou non foron verificados. Nalgúns casos úsanse imaxes que non corresponden coa vivenda real. Publícanse fotografías de fachadas con carteis superpostos de «Inmoble OKUPADO en VENDA» ou imaxes do interior con aveños privados de usufrutuarios/inquilinos, xunto con datos privados (idade, xénero, localización), o que supón unha vulneración da vida privada e, sobre todo, asimílase inxustamente a persoas inquilinas e usufrutuarias coa figura do “inquiokupa”.

A estigmatización de familias traballadoras e vulnerables

UGT entende que presentar a inquilinos ou persoas en conflito xudicial como 'okupas' non só é xuridicamente falso e induce a erro ao comprador, senón que estigmatiza a familias traballadoras e vulnerables ás que se coloca nunha posición de delincuencia e persecución social cando elas cumpren coa súa parte do contrato e, en todo caso, exercen dereitos que lles permiten permanecer na vivenda de forma legal.

UGT presentou denuncia ao Ministerio de Consumo onde solicita:

A apertura inmediata de dilixencias previas de investigación a Idealista e Fotocasa.

Requirir a ambas empresas os criterios técnicos e a documentación que esixen aos anunciantes antes de catalogar un inmoble como "ocupado ilegalmente".

Dar traslado das actuacións á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) e ás autoridades de supervisión do Regulamento Europeo de Servizos Dixitais (DSA).

A adopción de medidas sancionadoras que corrixan estas condutas e impidan a distorsión do mercado inmobiliario dixital.

UGT advirte do impacto social destas prácticas, e que este tipo de anuncios buscan fomentar un discurso que xustifique a acción posterior que non é outra que expulsar ao inquilino do seu fogar para vender o inmoble. Estas vivendas xeran unha alta rendibilidade especulativa para aqueles investidores que se atreven a entrar neste tipo de vivenda cun conflito xurídico aberto, aínda que na realidade son prácticas que expulsan a persoas, normalmente as máis vulnerables, dos seus domicilios sen alternativa habitacional só por unha rendibilidade económica.

Para rematar, o sindicato considera que ambas as plataformas son responsables de fomentar este discurso, alén de utilizar unha falsidade para ofrecer oportunidades de investimento sen ter en conta a situación das persoas afectadas. Estas plataformas, coa súa aparente neutralidade, non teñen ningún tipo de sensibilidade cara ás persoas aos que estigmatiza como okupas.

UGT CELEBRA OS NOVOS DEREITOS PARA AS MULLERES TRABALLADORAS E AS FAMILIAS CON RESPONSABILIDADES DE COIDADOS

Redacción.- UGT valora positivamente a aprobación da Real Decreto-lei 31/2026, do 20 de outubro, que incorpora importantes avances en materia de protección social, especialmente para as mulleres traballadoras, as vítimas de violencia machista e as familias con responsabilidades de coidados.

Unha das principais novidades é o recoñecemento dunha situación especial de incapacidade temporal para determinados trastornos asociados á menopausa que resulten incapacitantes, sen necesidade de acreditar un período mínimo de cotización.

UGT foi pioneira en abordar a menopausa nos centros de traballo e conta cun protocolo para a menopausa na contorna laboral, que permite incorporar medidas de prevención, acompañamento e adaptación das condicións laborais a través dos plans de igualdade e a negociación colectiva.

“Celebramos este avance, pero o noso obxectivo é que as mulleres non teñan que recorrer a unha baixa porque as súas empresas non adaptasen as condicións de traballo. A menopausa debe abordarse tamén desde a prevención e a igualdade laboral”, sinala Lola Navarro, vicesecretaria xeral de UGT.

Ademais, o sindicato está a trasladar esta reivindicación ao ámbito europeo, onde traballa para que a menopausa sexa recoñecida como unha cuestión de saúde laboral e se avance cara unha lexislación que garanta dereitos e protección ás traballadoras en todos os Estados membro.

UGT valora moi positivamente o recoñecemento dunha baixa médica especial para as lesións derivadas da violencia de xénero, sen esixencia de cotización mínima e con dereito á prestación económica desde o día seguinte ao da baixa.

Para o sindicato, esta medida constitúe un avance necesario no cumprimento dos compromisos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e na garantía da autonomía económica das vítimas.

“Ningunha muller que sofre violencia machista debería atoparse, ademais, con dificultades económicas para recuperarse. Protexer os seus dereitos laborais e sociais é unha obrigación dos poderes públicos”, afirma Lola Navarro.

Outra das melloras que destaca UGT é o reforzo das prestacións de orfandade para os fillos e fillas de mulleres falecidas por violencia de xénero, mediante unha garantía económica mínima vinculada ao dobre do salario mínimo interprofesional mensual, nos termos establecidos pola norma.

Esta protección esténdese tamén aos fillos e fillas de mulleres falecidas como consecuencia das violencias sexuais, un avance que o sindicato considera fundamental para garantir unha reparación máis xusta e integral.

“Non podemos reparar completamente o dano que a violencia machista provoca nestes nenos e nenas, pero si temos a obrigación de garantirlles protección e oportunidades de futuro. É unha cuestión de xustiza social”, subliña a vicesecretaria xeral.

Por outra banda, UGT valora as melloras introducidas na prestación por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave (CUME). Amplíase a protección a situacións nas que os menores necesitan coidados continuos sen permanecer hospitalizados durante longos períodos, simplifícase a acreditación médica e permítese prolongar a prestación máis aló dos 26 anos en determinados supostos de discapacidade ou dependencia, tal e como reivindicou o sindicato.